

Educando

en

Igualdade



Guía para mozas
e mozos de secundaria
Reflexións, preguntas e historias

Educando en Igualdade. Guía para mozas e mozos de secundaria

Un programa realizado por FETE UGT en colaboración co Instituto da Muller y o Ministerio de Igualdade

Autoras:

Inés Campillo Poza

Elia Villate Ruano

FETE-UGT

Coa colaboración do Instituto da Muller

Baseado nos textos de:

Coeducación: dous sexos nun só mundo

Graciela Hernández Morales

M^a Jesús Cerviño Saavedra

ITE (Ministerio de Educación)

Instituto da Muller (Ministerio de Igualdade)

Madrid, 2009

Ilustracións: Mónica Carretero

Tradución: Antonio F. Álvarez Cisneros

Coordinación da Edición: Sendra Ros Escanez

Índice

Presentación	5
Que entendemos por igualdade entre mulleres e homes?	9
A historia dos dereitos das mulleres	12
Cómo decidir o meu proxecto de vida sen caer en trampas sexistas	16
Habitando felizmente os nosos corpos	20
Aprender a amar ben	22
Ti podes contribuír a construír relacións libres de violencia contra as mulleres	25
Unha habitación propia e un espazo para a corresponsabilidade	28
Por que é importante falar cunha linguaxe inclusiva e non sexista	32
Leis para a igualdade	35
Mulleres que deixaron pegada na historia	38
As mulleres no mundo e os Obxectivos do Milenio	42

Presentación

En moitos momentos da historia as mulleres e os homes transitaron por distintos camiños.

Se recordades, nalgunhas culturas asignáronse ás mulleres as funcións que se relacionaban co ámbito do familiar e o doméstico. Pola contra, os homes ocupábanse de asuntos considerados máis importantes, que concernían ao ámbito público, como o goberno, a filosofía, a ciencia, a lei ou a guerra. Un exemplo desta dualidade atopámolo na cultura occidental, como na Grecia clásica, na que ao home identificábaselle coa civilización, a razón e a orde, mentres que á muller, coa natureza, a emoción e o caos. Causa pola cal, e para preservar a orde da familia e a sociedade, víase conveniente que as mulleres estivesen sometidas á tutela dos homes.

Para logralo, en moitos pobos e durante moito tempo creáronse regras, leis, tradicións e ensinamentos que ditaban o destino das mulleres, limitando a súa liberdade, dereitos e autonomía.



No noso país, moi recentemente, a democracia contribuíu a que ese tempo quedase atrás. O movemento feminista conseguiu conquistas fundamentais na reivindicación dos dereitos das mulleres, que pronto foron asumidos polo conxunto da sociedade. Derrogáronse aquelas leis que situaban ás mulleres como menores de idade, necesitando o permiso do marido ou o pai para calquera actividade, como abrir unha conta bancaria, vender unha propiedade, conseguir a custodia das fillas e fillos ou ata traballar. Comezáronse a tomar medidas para evitar a discriminación e a exclusión das mulleres en todos os ámbitos da sociedade. Mozas e mozos comezaron a acudir xuntos ás aulas, estudando e aprendendo a relacionarse cos mesmos dereitos. As mulleres incorporáronse ao traballo remunerado e deixaron de ser unha excepción en espazos como o Parlamento, a universidade, os sindicatos ou o ámbito xurídico. Comezouse a falar do custo que tiña o traballo que tradicionalmente realizaran as mulleres no fogar e na familia, así como a importancia de compartir as tarefas do fogar, o coidado e a atención ás persoas. Abriuse un importante debate sobre os dereitos sexuais e reprodutivos. O divorcio foi legalizado. Os malos tratos cara ás mulleres deixou de ser un asunto privado para converterse nun delito penado pola lei e unha preocupación do conxunto da sociedade.



Máis de tres décadas logo da aprobación da Constitución española, vivimos nun país cun marco legislativo baseado na igualdade entre mulleres e homes.

Si ben non todo está resolto, xa que durante séculos, de xeración en xeración, fóronse transmitindo unhas regras que, aínda que suavizadas polo tempo, seguen ditando unha parte moi importante do que somos e do que debemos ser e influíndo nas relacións e nas opcións que tomamos, as mulleres e os homes de hoxe podemos desafiar os vellos prexuízos e decidir a nosa vida en igualdade, rebelándonos contra calquera forma de discriminación.

Hoxe é tempo de reflexionar sobre o pasado, recordando ás mulleres que ao longo da historia rebeláronse contra un destino inxusto, loitando polos seus dereitos, contribuíndo ao desenvolvemento da humanidade.

Hoxe é importante revisar os estereotipos, repensar e optar por novos modelos de ser muller e de ser home, relacionándonos desde o respecto, a corresponsabilidade e o recoñecemento mutuo.

Hoxe aprendemos que a igualdade beneficianos a todas e a todos, porque tan valioso como o que ocorre no mundo público é o que cada día sucede no ámbito familiar e persoal. A igualdade enriquecéonos, porque podemos desenvolver con máis liberdade e máis autonomía todas as facetas da vida, sen restricións polo feito de ser muller ou ser home.

Hoxe sabemos que a igualdade é imprescindible para o benestar dos pobos, porque sen a plena participación da metade da poboación, as

A igualdade
enriquecéonos, porque
podemos desenvolver
con máis liberdade
e máis autonomía todas
as facetas da vida,
sen restricións polo feito
de ser muller ou ser
home ””

mulleres, é imposible conseguir un mundo máis xusto, solidario, sosti-
ble e en paz.

E hoxe é tempo para que todas e todos actuemos conxuntamente para
contribuír de forma solidaria e responsable a que este tempo e este mun-
do nos que vivimos se acheguen un pouco máis ao que soñamos.

Invitámosche a ler esta guía onde che contaremos algunhas das claves
que necesitas para entender por que o teu compromiso coa igualdade
é imprescindible para ti, para as persoas coas que compartes a
vida e para o conxunto da humanidade, así como para valorar o
proceso que fomos construíndo ao longo da historia e o camiño
que aínda nos queda por percorrer. Intentaremos explicar que
significa a igualdade. Recordaremos a historia dos dereitos das
mulleres, por que é importante o amor baseado no respecto,
como proxectar a vida sen barreiras sexistas, que ocorre coas
mulleres no mundo, que leis se aprobaron para que a
igualdade sexa efectiva ou a importancia de nomear
a mulleres e homes na linguaxe.



Que entendemos por igualdade entre mulleres e homes?

A palabra igualdade é un dos valores fundamentais da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e un dos principios sobre os que se define a nosa Constitución. É tan importante que a organización da sociedade se establece desde esta dimensión e, polo tanto, tamén das nosas vidas. Pero non hai que confundir a palabra igualdade co feito de que mulleres e homes sexamos idénticos.

Ás veces a palabra igualdade é interpretada de forma errónea, coma se se tratase de eliminar as diferenzas que existen entre as mozas e os mozos, facendo que sexades idénticos ou intentar que as mozas sexan como os mozos. Nada máis lonxe da realidade. Precisamente a igualdade valora a diferenza, que é algo natural en si, pero non a desigualdade, que significa inxustiza, violencia e dominación dun sexo sobre outro.

Cada persoa é única e diferente, e é esta diversidade a que fai do mundo un lugar de intercambio e aprendizaxe. Apostar pola igualdade non é negar as diferenzas que existen entre as mozas e os mozos, senón dar-lles o mesmo valor e acabar coa discriminación.





Cando falamos de igualdade estamos facendo referencia a algo tan...

- ✎ Xusto como ser tratadas e tratados da mesma forma ante a lei.
- ✎ Importante como poder participar coas mesmas oportunidades en todos os ámbitos da sociedade.
- ✎ Imprescindible como non temer pola túa vida nin pola túa seguridade ou a das persoas que queres.
- ✎ Fundamental como non sufrir a discriminación ou o acoso por cuestión de sexo.
- ✎ Valioso como sentir a autonomía e a liberdade.
- ✎ Complexo como é construír relacións baseadas no respecto.
- ✎ Sensato como compartir dereitos e obrigacións na vida persoal, familiar, social e profesional.
- ✎ Fundamental como é recoñecer que mulleres e homes portamos valores, coñecementos e unhas experiencias que herdamos de séculos de historia e que son imprescindibles para o desenvolvemento da humanidade.
- ✎ Interesante como descubrir que podemos reinventarnos e ser todo o que soñemos sen sentir ningún obstáculo polo feito de ser muller ou home.
- ✎ Especial como que todo ser humano poida desenvolver todo o seu potencial afectivo, intelectual, artístico ou físico.

De todo isto estamos falando. De vivir plenamente recoñecendo a nosa experiencia, capacidade e valor, como mulleres e homes.

Cando falamos
de igualdade estamos
falando de vivir
plenamente recoñecendo
a nosa experiencia,
capacidade e valor,
como mulleres e homes ”

A historia dos dereitos das mulleres

Ao longo da historia son moitas as mulleres que se rebelaron, de forma individual ou colectiva, ante unha discriminación inxusta que lles impedía tomar decisións sobre as súas propias vidas, participar nos asuntos de Estado e ata atreverse a difundir os seus pensamentos. Historias como as de Hatshepsut a raíña-faraona da XVIII dinastía exipcia (1479-1457 a.C.) Leonor de Aquitania (francesa, 1122-1204), Malinali (indíxena mesoamericana, 1503-1529), Florence Nightingale (inglesa, 1820-1910), Clara Campoamor (española, 1888-1972) son só algunhas das biografías que dan testemuño da coraxe na procura da xustiza e a verdade. Sempre houbo mulleres que deron testemuño de que a liberdade feminina é posible e así o mostraron as trobadoras, as beguinas, as preciosas e as feministas de cada época.

Un dos momentos emocionantes da rebelión das mulleres atopámolo na Revolución francesa. As mulleres debatían e discutían acaloradamente sobre temas que hoxe nos seguen preocupando, como a necesidade de ter unha educación, a autonomía, a violencia no fogar e a prohibición da prostitución. Na rúas, as mulleres parisienses protestaban pola escaseza do pan e os altos prezos dos alimentos. En agosto de 1789, un mes logo da Toma da Bastilla, a Asemblea Nacional proclama a



Declaración dos Dereitos do Home e o Cidadán. Os días cinco e seis de outubro de 1789, ao redor de seis mil mulleres parisienses marcharon cara a Versalles e conseguiron trasladar ao rei e á raíña a París, desde onde lles sería máis difícil eludir os graves problemas do pobo. E foi tal a actividade que desenvolveron, que os comités revolucionarios lles prohibiron saír das casas baixo o pretexto de que era perigoso. Dous anos despois, Olympia de Gouges publica unha réplica feminista, *Declaración dos Dereitos da Muller e da Cidadá*, dos dereitos masculinos recentemente establecidos. Pero todos os esforzos das mulleres terminaron nese momento nunha amarga derrota.

Con todo, as reivindicacións feministas da Revolución foron retomadas polas sufraxistas, prendendo de novo a chama da igualdade, que correu por todos os recunchos do mundo e solicitando o dereito ao voto para as mulleres. Pensaban, non sen razón, que se conseguían participar nas decisións políticas a través do voto, poderían acceder ao Parlamento e desta forma cambiar as leis que as consideraban como propiedade legal dos seus maridos e impedíalles acceder á educación ou a calquera profesión que permitise a súa autonomía.


Pero a historia non acaba aquí. Logo da Segunda Guerra Mundial, Simone de Beauvoir escribiu un libro chamado *O segundo sexo*, no que afirmou: “A muller non nace, faise”, referíndose a que a sociedade decide como debe ser unha muller, non como ela queira, senón como a sociedade imponse a ser. ¡Pensade que importante era esta afirmación!

As mulleres pensaban que se conseguían participar nas decisións políticas a través do voto, poderían acceder ao Parlamento e cambiar as leis que as consideraban como propiedade legal dos seus maridos ””

Rompía coa crenza de que a natureza marca a forma de ser muller e home e pon o peso na cultura, que é quen o determina. As reflexións de Simone de Beauvoir foron un importante referente para as novas xeracións: as fillas das mulleres que obteñen o voto e os dereitos educativos logo da Segunda Guerra Mundial e que iniciarán novas reivindicacións das mulleres, considerando aspectos tan importantes como o dereito a controlar a súa maternidade, a participación política ou a condena da violencia masculina contra as mulleres.

Grazas a miles de mulleres de todo o mundo que durante séculos se rebelaron ante unha situación inxusta, a igualdade entre mulleres e homes por fin entrou a formar parte da axenda política tanto nacional como internacional. Así, en 1975, a ONU organiza en México a I Conferencia Mundial sobre a Muller. Declárase ese ano o Ano Internacional da Muller. Desta I Conferencia Mundial nacería un plan de acción, cuxo resultado foi a proclamación pola Asemblea Xeral da ONU do “Decenio das Nacións Unidas para a Muller” (1975-1985).

Desde entón houbo catro conferencias mundiais. A última en Pequín, en 1995, onde se declara que os dereitos das mulleres son dereitos humanos. A Carta de Compromisos aprobada en Pequín volveuse a ratificar en Nova York no ano 2005 e celebrárase unha próxima conferencia mundial en 2010.



A historia da loita polos dereitos das mulleres non terminou aínda e o seu final aínda está por escribir. A pesar de que pasaron máis de cen anos desde as conquistas das sufragistas, aínda hai algúns países que non recoñecen ás mulleres nin sequera o dereito a votar, nin o de ser elixidas nas eleccións (Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento, PNUD: Informe de Desenvolvemento Humano 2003). A historia das mulleres que tes ao redor e a túa propia xunto coa dos homes son a historia. Que nada quede no esquecemento.

A historia da loita polos dereitos das mulleres non terminou aínda e o seu final aínda está por escribir. Hai algúns países que non recoñecen ás mulleres nin sequera o dereito a votar ”



Cómo decidir o meu proxecto de vida sen caer en trampas sexistas

Construír un proxecto de vida é pararse a reflexionar sobre o que son e o que me interesa. É pensar que actividades fanme sentir ben. Pór en xogo as miñas preferencias, habilidades e capacidades para atopar a profesión que un día realizarei. Albiscar como será a miña vida afectiva e persoal. Imaxinar como vivirei, con quen e como habitarei os días?

Decidir un proxecto de vida é debuxar un mapa con distintos roteiros que nos levan aos soños que queredamos ver cumpridos, e irémolo deseñando a medida que adquirimos coñecementos, experiencias, referentes e amizades coas que imos aprendendo que posibilidades teño ao meu alcance e cales se axústan ao que son.

Nun pasado non moi afastado, o destino das mulleres trazábase nada máis nacer, sendo mínimas as opcións que a sociedade lles permitía. Hoxe, vós tedes a oportunidade e a liberdade de elixir entre as múltiples posibilidades que vos ofrece a vida no ámbito profesional e persoal. Con todo, é importante que reflexionedes con coidado sobre as vosas eleccións. Aínda que actualmente rompeuse a dicotomía espazo privado para as mulleres e espazo público para os homes, seguen existindo





Os estereotipos pesan tanto que chegan a determinar a visión que temos doutras persoas e poden facernos crer que desexamos algo que non sería a nosa opción se pertencésemos ao outro sexo ”



referencias sociais herdadas do pasado que, en forma de estereotipos sexistas, nos encorsetan en determinados modelos e inflúen poderosamente nas nosas eleccións profesionais e vitais, facendo que non valoramos que na vida tan importante como ter unha profesión é gozar dunha vida de relacións persoais e sociais, na que apreciamos as experiencias, os coidados e as tarefas domésticas que son necesarios para ter unha vida plena e harmónica.

Os estereotipos pesan tanto que chegan a determinar a visión que temos doutras persoas e poden facernos crer que desexamos algo que non sería a nosa opción se pertencésemos ao outro sexo. Un exemplo de como nos inflúen os estereotipos atopámolo nun recente estudo onde se pon de manifesto como a maioría do alumnado de secundaria pensaba

que as mozas son máis femininas se estudan ciencias da saúde ou humanidades e os mozos son máis masculinos se estudan bacharelato tecnolóxico¹.

Sabiades que? as mozas elixides maioritariamente aquelas profesións que teñen que ver co rol de coidado? Os mozos decantádesvos por traballos técnicos ou relacionados co rol masculino? E que tamén maioritariamente son as mulleres as que piden redución de xornada e excedencia para o coidado de familiares? E é que os estudos mostran que as mozas, cando imaxinades como seredes dentro duns anos, visualizades o traballo, pero tamén aos afectos, a maternidade ou as actividades que vos gustaría realizar. Mentres que os mozos centrádesvos preferentemente nos aspectos relacionados co traballo profesional e remunerado.

As mozas, cando imaxinades como seredes dentro duns anos, visualizades o traballo, pero tamén aos afectos, a maternidade ou as actividades que vos gustaría realizar ”



1. <http://www.educacion.es/cide/espanol/publicaciones/coleccion/es/investigacion/col101/col101pc.pdf>



Tes a posibilidade de ser quen queiras ser e de construír creativamente o teu propio proxecto de vida. Para logralo:

- ✎ Explora todas as posibilidades, adoptando unha actitude crítica ante os estereotipos que che din que se espera dunha muller ou dun home. Non esquezas ser realista e ter en conta o contexto e as circunstancias que che rodean.
- ✎ Toma o teu tempo para reflexionar sobre cales son as túas capacidades, expectativas, preferencias e aptitudes.
- ✎ Prepárate para desempeñar o teu traballo, pero tamén para os quefaceres que require a vida cotiá e a convivencia.
- ✎ Pensa no teu futuro integrando tanto o ámbito profesional como o persoal e familiar, así como a túa participación social e comunitaria.
- ✎ Pregúntate todos os días cales son os teus desexos e ponte ao choio.



Habitando felizmente os nosos corpos

Vivir en igualdade supón, entre outras cousas, ter a posibilidade de desenvolver libremente o noso potencial físico e afectivo. O primeiro paso para iso é aceptar o noso corpo. Os corpos que aparecen cotidianamente nos valos publicitarios, nas revistas e na televisión invítannos a reproducir un modelo de beleza moi limitado, no que non parece haber espazo para entrañables pequenas estaturas, fabulosos narices prominentes, divinas e grandes orellas, interesantes ollos afundidos ou sinuosas curvas. Con todo, son precisamente estas calidades, que ás veces nos cohiben, as que nos confiren un atractivo especial, unha beleza singular e única. Pensade que, no voso grupo de amigas e amigos, raramente vos fixades ou vos namorades das mesmas persoas. Como dicía un sabio poeta uruguaio: “Cada corpo ten / a súa harmonía e / a súa desarmonía / nalgúns casos / a suma de harmonías / pode ser case / empalagosa / noutros / o conxunto / de desarmonías / produce algo mellor / que a beleza”.

Habitamos un corpo que, aínda que irá pasando por distintas fases e transformacións, vainos a acompañar toda a vida, por iso é fundamental que aprendamos a aceptalo, a convivir armoniosamente con el, a coñecer o que lle senta ben ou mal, o que lle produce pracer, en suma, a coidar del. Amigarnos cos nosos corpos, vivir comodamente neles é



unha condición necesaria non só para gañar en naturalidade e atractivo, senón para vivir en igualdade e ser felices.

Unha cousa é común a todos os corpos: as posibilidades infinitas de goce que nos brindan. Vivides un período de descubrimento, de experimentación, de apertura e crecemento afectivo-sexual, e para afrontalo é importante que vos desfagades de todos eses deberías? que vos cohiben: debería ser máis ou menos...?, debería gustarme ese tipo de persoa?, debería sentir isto ou o outro?, debería gustarme isto ou o outro?, debería facer isto ou o outro?. O único deberías? que debedes aceptar é o que proceda dunha consideración coidadosa do que sinceramente vos senta ben, non vos prexudica nin prexudica a outras persoas e faivos felices. Para construír relacións en igualdade é necesario respectar o que á outra gusta, lle apetece, lle senta ben e lle fai feliz. Do mesmo xeito, non hai que perder de vista que necesitamos informarnos e formarnos para que as relacións sexan á vez positivas, saudables e responsables, á vez que impiden consecuencias non desexadas.

Polo tanto, o autoconecemento, a comunicación, unhas boas doses de respecto, querernos como somos, formación e información son os ingredientes máxicos para gozar dos nosos corpos libremente.

Somos corpo e grazas a el podemos sentir a felicidade de vivir a vida se o coidamos.

Para construír relacións en igualdade é necesario respectar o que á outra gusta, lle apetece, lle senta ben e lle fai feliz ”

Aprender a amar ben

Amar é unha desas capacidades intrinsecamente humanas e quizá sexa aquela que todas e todos consideramos máis importante, xa que ten o poder de facernos felices ou moi infelices. O segredo para que nos faga felices consiste en aprender a amar ben. Quizá vos preguntedes: seica se pode amar mal?. Desgraciadamente os contos, as películas, os mitos cos que crecemos ensináronnos un modelo de amor baseado en “príncipes azuis” e “belas durmintes”, en “medias laranxas” e grandes sacrificios. Se vos parades un momento a pensar, a “media laranxa” implica que somos seres “a medias” ou inacabados ata que non atopamos unha parella que nos complementa, que dea sentido á nosa vida. A “media laranxa” fainos pensar no amor como unha fusión con outra



persoa. Igualmente o mito do “príncipe azul” móstranos ás mozas como seres pasivos, con vidas sen sentido, á espera dese cabaleiro andante que as rescate do aburrimiento e ofrézalles protección. Estes mitos, como os que atopamos tamén en películas ou teleseries, alimentan condutas de parella dependentes e posesivas. Sentir á túa parella como algo da túa pertenza abre a porta a comportamentos celosos, que ata poden chegar a converterse en violencia.

Construír relacións baseadas na confianza, a comunicación e o respecto mutuo pódenos axudar a eliminar esas inseguridades.

Amar é unha arte. E como todo arte é un continuo proceso de aprendizaxe e, por iso, require tempo, esforzo, disciplina, paciencia e moita ilusión. Aprendemos a comunicarnos coa outra persoa, a ser cómplices,



aprendemos a confiar, aprendemos a tragarnos o orgullo cando é necesario e a esixir cando tamén o é, a chorar e rir desde a complicidade e, sobre todo, a abrazarnos sen esmagarnos, é dicir, a querernos libres e sen medos.

Amar ben é amar en igualdade. Supón, pois, recoñecer á outra persoa como un ser completo, independente, dona ou dono da súa propia vida, un ser real, coas súas virtudes e os seus defectos. Imaxinádevos que todas e todos chegamos ás relacións cunha mochila chea de experiencias pasadas e presentes, de amizades e relacións, pero tamén de soños de futuro, de gustos, afeccións, intereses, potencialidades, de todo aquilo que nos fai ser como somos: únicas e únicos.

Amar ben significa entender e respectar a cada persoa como é.



Amar ben é amar en igualdade. Supón, pois, recoñecer á outra persoa como un ser completo, independente, dona ou dono da súa propia vida, un ser real, coas súas virtudes e os seus defectos ””

Ti podes contribuir a construír relacións libres de violencia contra as mulleres

Para vivir en igualdade é necesario que rexeitemos toda forma de violencia.

A violencia é unha forma errónea e ficticia de resolver un conflito. A vida nunha sociedade tan diversa e complexa como a nosa ponnos cotidianamente ante situacións de conflito. Pero o conflito non debe vivirse como unha ameaza, senón como o produto natural da vida en sociedade, por iso debemos aprender a convivir con el e a resolvelo dunha forma pacífica. Para logralo, son imprescindibles varias cousas:

- ✎ Aprender a respectar á outra persoa. Recordar que o respecto é a base da convivencia.
- ✎ Non presupor que estamos en posesión da verdade, porque non existen as verdades absolutas.
- ✎ Valorar e escoitar o que a outra persoa ten que dicir, xa que todas as persoas temos algo que dicir.
- ✎ Porse no seu lugar para entender mellor as situacións.



Se a violencia é unha forma equivocada de resolver un conflito, aínda o é máis cando este conflito dáse coas persoas que máis nos importan. Como vimos, os mitos como o do “príncipe azul” e a “media laranxa” fannos crer que o amor é sinónimo de fusión e de posesión, e que os celos reflicten o moito que alguén che quere. Seguramente coñezades a expresión “quen ben che quere, farache chorar” que é un exemplo da popularidade deste tipo de ideas sobre o amor. Esta concepción do amor non só é errónea e insana, senón que ata é perigosa. Para amar en igualdade é necesario ter claro que existe unha “liña vermella” que divide o conflito da violencia.

A violencia cara ás mulleres dáse cando os homes cruzan esa liña, negando a autonomía persoal das súas parellas, por exemplo cando negan o seu dereito a decidir como vestir, con quen pasar o tempo, en que traballar, cando e como ter relacións sexuais, se ter fillos ou non e tamén cando non as valoran, escóndenas, negan ou ignoran as súas opinións, actuando coma se elas fosen da súa propiedade e chantaxeándolas con deixar de querelas se non responden aos seus desexos.

Para amar en igualdade
é necesario ter claro
que existe unha “liña
vermella” que divide
o conflito da violencia ”



Ninguén ten o dereito de modelar á parella á súa antollo, igual que todas as persoas temos o deber de pór límites cando intentan cambiarche, faltarche ao respecto ou limitar a túa liberdade. Se aceptamos que a violencia, en calquera das súas formas, cóese nas nosas relacións, estaremos reproducindo ese mundo de desigualdade que ningunha e ningún queremos. Como nos di Charo Altable: “Aprender a compartir os afectos desde a igualdade é imprescindible para previr a violencia e establecer relacións armoniosas e xustas ou, ás veces, tan só xustas”.

Apostando pola non violencia estaremos garantíndonos relacións igualitarias, respectuosas, libres, enriquecedoras, nas que transite a felicidade.

Acórdate de que na violencia nunca hai amor.

Unha habitación propia e un espazo para a corresponsabilidade

Virginia Woolf, nun curso sobre literatura, expuxo ás súas alumnas a necesidade de ter independencia económica e unha habitación propia para poder escribir. Ao longo da vida atoparédesvos, en moitas ocasións, no espazo público, facendo múltiples actividades que requiren comunicarvos, relacionarvos e interactuar con outras persoas. Posiblemente, nalgún momento, sentiredes a necesidade de volver a esa habitación, da que falaba Virginia Woolf, para atoparvos cos vosos pensamentos, descansar, dedicarvos ás cousas que vos gustan ou sinxelamente deixar que pase o tempo. Contar cun tempo propio para reflexionar, para descansar, pararse a mirar por onde imos e por que, para preguntarnos polo que desexamos ou como afrontamos as dificultades axudaranos no mundo.

Tan importante como este cuarto propio é o espazo do fogar, onde transcorre unha parte vital da vida que está relacionada co doméstico, o coitado e as relacións coas persoas próximas. O espazo do fogar foi tradicionalmente atendido polas mulleres; aínda hoxe, a pesar dos cambios sociais, sigue séndoo. Con todo, a súa incorporación ao espazo de

Posiblemente, nalgún momento, sentiredes a necesidade de volver para atoparvos cos vosos pensamentos, descansar, dedicarvos ás cousas que vos gustan ou sinxelamente deixar que pase o tempo. Contar cun tempo propio para reflexionar”



traballo foi un factor decisivo, para comezar a considerar que era necesario facer unha repartición equitativa das tarefas do fogar, así como das accións de coidado e atención, ás nenas e nenos ou ás persoas que o necesitan.

Se as mulleres cruzamos a porta da casa para acudir ao mundo laboral, o xusto e necesario é que os homes fagan o camiño inverso e percorran o que lles leva do mundo laboral á casa.

Esta viaxe enriqueceunos a todas e a todos, porque o que ocorre na contorna do doméstico e dos afectos é vital para o desenvolvemento persoal. A vida perde a súa riqueza se descoidamos esa habitación propia ou as relacións coas persoas que queremos. E é neste sentido onde aparece a palabra “corresponsabilidade”,



que se refire a asumir conxuntamente as tarefas entre as persoas que conviven nun núcleo familiar, onde cada cal colabora segundo as súas posibilidades no sostemento da vida e a convivencia.

Nin ti, nin eu poderíamos dicir que temos unha vida completa se non fixésemos compatible o noso tempo de traballo profesional con outro privado, xa que necesitamos desenvolver todas as nosas capacidades de pensamento, as nosas emocións, sentir o coidado e dar coidado, así como relacionarnos afectivamente con outras persoas. Tampouco sería bo que nos dedicásemos a coidar a outras persoas exclusivamente, esquecendo as nosas necesidades. Por iso temos que atopar o equilibrio, de forma responsable entre a vida laboral, a vida privada, a persoal e a social.

Nin ti, nin eu
poderíamos dicir
que temos unha vida
completa se non
fixésemos compatible
o noso tempo de traballo
profesional con outro
privado ””



Tamén existe a corresponsabilidade na nosa faceta como cidadás e cidadáns, porque hai un terceiro espazo que require da participación de todas e de todos para lograr que a sociedade responda aos nosos ideais. Hai múltiples formas de participar, desde nunha asociación, unha Ong, un partido, sindicato ou simplemente colaborando coas nosas amizades ou a veciñanza. Cando participamos socialmente relacionámonos con outras persoas coas que podemos compartir procesos de cambio colectivo que influirán no rumbo da realidade.

A corresponsabilidade, xa que logo, é unha actitude pola que respondemos a todas as facetas da vida, para sentirnos persoas máis plenas, solidarias e comprometidas que transitamos por todos os camiños das relacións humanas.

Cando participamos socialmente relacionámonos con outras persoas coas que podemos compartir procesos de cambio colectivo que influirán no rumbo da realidade ”


Por que é importante falar cunha linguaxe inclusiva e non sexista

As persoas relacionámonos e creamos pensamentos a través da linguaxe. Ao nomear algo, dalgún xeito o que representa fáisenos real. Por exemplo, se ao mirar ao ceo sabes o nome dunha estrela, xa nunca máis será un astro entre millóns. Fixéchela diferente a todas as demais. Coñecer o seu nome achégate unha nova experiencia sobre o firmamento. A lingua recrea a realidade e á vez axuda a creala: é a razón pola que a linguaxe é tan importante.

Da mesma forma que cando as palabras nomeánnos, identificánnos. Cando nomeamos a mulleres e a homes, subliñamos a súa existencia. Pero que pasa cando as palabras non falan de ti? Que ocorre cando che ocultan? E cando non che nomean?

En castelán, existe o masculino e o feminino para nomear a mulleres e a homes, pero hai unha tradición de usar





o masculino coma se fose xenérico coma se englobase a ambos os sexos, o cal non é certo. Cando a nosa percepción da realidade distingue a presenza de mulleres e homes, é máis difícil utilizar o masculino coma se fose neutro, porque non o é. Chirría ignorar a presenza dunha ou doutro. Por exemplo, se comentas “en clase de mecánica hai 25 compañeiros e dúas compañeiras”. Esta información está revelando moitos datos sobre a situación da materia. Se dixeses, “en clase de mecánica hai 27 compañeiros” utilizando o xenérico masculino, a imaxe que teríamos é a dunha clase de mozos, sen ningunha moza, polo que estas últimas desaparecerían da realidade. Comprendes agora por que é importante que habitemos a linguaxe co feminino e o masculino?

Bombeiros, mineiros, xuíces, nenos, profesores, pais, directores, homes... son os masculinos que se usan dicindo que son xenéricos, pero que en realidade ocultan a presenza das mulleres. A metade da humanidade non queremos desaparecer detrás do masculino. Temos unha existencia e unha experiencia propia que recoñecemos con palabras. Queremos deixar as nosas pegadas nos termos que pronunciamos. Queremos estar presentes nos xornais, nos libros que estudamos, nos carteis luminosos do cine, nos museos, no libro escolar, nos comentarios que facemos na rúa e en cada xesto da nosa vida cotiá. **A lingua é unha e os sexos son dous.** Polo tanto, ambos debemos ser representados.

O máis interesante de todo é que non se trata dun acto mecánico. A linguaxe (escrita, falada ou a imaxe) non fai senón reflectir de modo fiel o noso pensamento, a nosa imaxe mental dos feitos, situacións ou sentimentos: é o instrumento que utilizamos para iso. Polo tanto, cambiando a nosa concepción do mundo, cambiaría, como consecuencia inmediata, o contido da nosa comunicación.


Fala, escribe, pensa en feminino e masculino. Así fas posible que a realidade non sexa sexista facendo presentes sempre a mulleres e a homes a través das palabras.

Fala, escribe, pensa en
feminino e masculino.
Así fas posible que
a realidade non sexa
sexista ”

Leis para a igualdade

A comezos do século XXI o avance conseguido nos dereitos das mulleres aínda non permite ter unha visión altamente positiva e optimista. Posiblemente se comentas na túa contorna que continúa existindo unha situación de discriminación cara ás mulleres a resposta será de incredulidade, de indignación ou ata de negación. Pero os datos afirman o contrario, seguen existindo obstáculos que impiden ao conxunto das mulleres acceder aos seus dereitos en igualdade de condicións. É dicir, que o feito de ser muller tradúcese en atoparse con máis barreiras e obstáculos que os homes.


A pesar de que as mulleres hoxe teñen mellores niveis de formación, traballan e coidan máis e delinquen menos, os datos revelan unha forte fractura no emprego das mulleres e os homes. As mulleres están máis tempo desempregadas, ocupan traballos máis precarios e de menor recoñecemento e en consecuencia cobran menos. Por outra banda, as mulleres asumen, cunha diferenza de tempo e dedicación importante, o coidado da casa, os fillos e as persoas dependentes. Noutras áreas como son a educación, a política, a cultura, os deportes ou a ciencia, atoparemos que hai unha ausencia significativa de nomes de mulleres e que, para elas, o alcanzar os postos de dirección ou aqueles espazos que tradicionalmente se adxudicaron aos homes é un reto continuo. A violencia cara ás mulleres



é un problema terrible, como o é trátala e a prostitución. Existe todo un tratamento sexista sobre a imaxe e o corpo das mulleres que as *obxectualiza*. E as mulleres sofren unha dobre discriminación naquelas situacións de risco como son a inmigración, a discapacidade, a terceira idade... Ademais, a discriminación cara ás mulleres é causa de pobreza, inxustiza e exclusión. Todos estes feitos móstrannos que aínda que aparentemente mulleres e homes atopámonos nun mesmo marco legal, subsisten delitos, costumes e actitudes masculinas que discriminan ás mulleres tan só polo feito de selo.

Por esta razón, tanto no ámbito internacional (Nacións Unidas e Unión Europea), como no nacional, adoptáronse medidas para facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes.

As leis máis importantes que foron aprobadas en España son:

 **Lei de Igualdade Efectiva entre Mulleres e Homes.** Unha lei con vontade de facer realidade a igualdade, que percorre todos os ámbitos sociais, como a educación, a xustiza, o traballo ou os medios de comunicación. Incorpora entre as súas liñas de actuación os plans de igualdade nas empresas, consolida o recoñecemento da conciliación como dereito laboral de primeira orde e fomenta a coresponsabilidade recoñecendo un dereito novo de permiso de paternidade exclusivo dos homes.



- ✎ **Lei de Atención a Persoas Dependentes**, que supón a instauración do cuarto alicerce do estado de benestar, xunto coa sanidade, a educación e o recoñecemento de dereitos pasivos.
- ✎ **Lei Integral contra a Violencia de Xénero**. Un dos problemas máis graves aos que se enfronta a sociedade é á erradicación da violencia contra as mulleres. En 1993 a ONU definiu a violencia contra as mulleres como “todo acto de violencia que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para as mulleres, así como as ameazas de tales actos, a coerción ou a privación arbitraria de liberdade, tanto se se produce na vida pública, como na privada”.

É importante que recordemos que o gran reto para os próximos anos é pasar da igualdade formal/legal á igualdade real/efectiva e para conseguilo todas e todos temos que contribuír a remover os obstáculos non visibles, a parte oculta do iceberg, composta por crenzas, medos, estereotipos... que fan que resulte imposible falar de igualdade plena entre mulleres e homes en calquera ámbito e en calquera lugar do mundo.

Queremos a igualdade por arriba, é dicir, nas cousas que nos parecen xustas.

O gran reto para os próximos anos é pasar da igualdade formal/legal á igualdade real/efectiva e para conseguilo todas e todos temos que contribuír a remover os obstáculos non visibles”

Mulleres que deixaron pegada na historia

A historia está repleta de mulleres que achegaron a súa sabedoría, talento e esforzo á sociedade e aos distintos ámbitos do saber. En tan pouco espazo podemos recordar só algúns nomes, pero cando repasamos os teus libros de ciencias, historia, literatura, arte, física ou matemáticas, investiga as achegas que realizaron e realizan as mulleres, así como as súas vidas e intereses. Sorprenderache como pode cambiar a túa visión do mundo cando a completas coas experiencias e contribucións da outra metade da humanidade.

Algúns nomes de mulleres que contribuíron cos seus coñecementos:

Hipatia de Alexandría (370-415 d.C.). Exipcia de ascendencia grega, foi unha filósofa que destacou en matemáticas e astronomía. Pertenceu á escola filosófica de Alexandría a comezos do século V. Foi unha muller de preclara intelixencia e espírito libre, que na Alexandría do século IV representa unha dos cumes da cultura grecorromana. Polo seu agudo intelecto, vastos coñecementos, dotes de maxisterio e carisma persoal, brillou entre os sabios da época. Hipatia, “a máis grande”.



Hipatia

Trótula de Salerno foi unha doutora que viviu en Salerno entre os séculos XI e XII e que escribiu varios influentes traballos de medicamento feminino. Nesta época, como ás mulleres se lles negaba o dereito a impartir formación ou crear escolas, compartían os seus coñecementos escribindo guías médicas.

Christine de Pisan escribiu en 1405 *A cidade das damas*, na que deséñña unha utopía centrada nunha cidade na que as mulleres agraviadas exercen a súa autoridade. E reflexiona sobre como sería esta cidade onde non habería nin guerras nin caos promovido polo home.

Ada Byron (1815-1852). Era unha matemática inglesa recoñecida, aínda que seguía asinando os seus artigos coas súas iniciais por temor a que polo feito de ser escritos por unha muller fosen rexeitados. A súa máquina analítica mecánica permitía calcular calquera función alxebráica e almacenar números; o programa introducíase na máquina mediante cartóns. Foi a primeira programadora da historia.

Juana Paila Manso (Arxentina, 1819). Poeta, publicou diversos artigos a favor dos dereitos das mulleres e dedicou unha gran parte da súa vida a promover unha educación mixta baseada na reflexión e na observación.



Trótula

Marie Curie (Polonia, 1867-1934). Pioneira no campo da radioactividade, foi a primeira persoa en recibir dous Premios Nobel e a primeira muller en ser profesora na Universidade de París. O termo de radioactividade débesele a ela; ademais descubriu o elemento radio ao que chamou logo polonio en honra ao seu país natal. Negouse a patentar os seus descubrimentos para deixalos abertos á investigación universal.

María Montessori (Ancona, Italia, 1870). Pedagoga feminista e primeira muller médica de Italia, ideou o método co que as nenas e os nenos aprenden a ler, escribir, contar e sumar por si mesmos, sen axuda das persoas adultas, que leva o seu nome. Ela consideraba que aprender tiña que facer feliz ao alumnado e servir para estimular a súa creatividade e a súa capacidade natural.

María Zambrano (1904-1991). Pensadora, filósofa, poeta e mestra española. Escribiu: “Non ter mestres é non ter a quen preguntar e máis hondamente aínda, non ter ante quen preguntarse”.

Virginia Woolf. Novelista, ensaísta, escritora de cartas, editora, feminista e escritora de contos británica, considerada como unha das máis destacadas figuras do modernismo literario do século XX. Explicaba ás alumnas novas que era importantísimo conseguir a independencia económica e un cuarto propio.



Marie Curie

Rachel Louise Carson (1907-1964). Bióloga norteamericana, escritora e ecoloxista, contribuíu á posta en marcha da moderna conciencia ambiental. Dedicouse a reunir probas para demostrar a responsabilidade humana no envenenamiento da Terra.

Shirin Ebadi (Irán, 1947). É unha avogada e activista polos dereitos humanos e pola democracia. O 10 de outubro de 2003 recibiu o Premio Nobel da Paz.

Wangari Muta Maathai (1 de abril de 1940 , Nyieri, Kenia). É unha activista política e ecoloxista kenyana. En 2004 recibiu o Premio Nobel da Paz por “as súas contribucións ao desenvolvemento sostible, á democracia e á paz”.

Anímate a buscar figuras de mulleres que cambian a historia e cámbiaa ti tamén coas túas amigas e amigos.




Virginia Woolf

As mulleres no mundo e os Obxectivos do Milenio

En Dakar, no ano 2000 expúxose desde as Nacións Unidas, co apoio e a presión de múltiples colectivos, entidades e movementos sociais que traballan polos dereitos humanos internacionais, a necesidade de asinar un acordo pola solidariedade e a eliminación das desigualdades no mundo. Así quedaron configurados os oito Obxectivos do Milenio, obxectivos nos que as mulleres teñen un protagonismo relevante tanto como suxeitos, sobre os que recaen as situacións máis graves de exclusión e desigualdade, como axentes imprescindibles para afrontar os grandes males que afectan á humanidade. Con só examinar as cifras que nos falan de situacións extremas como son a pobreza, o fame, o analfabetismo ou a morte por parto, darémonos conta de como as mulleres, polo rol que ocupan na familia e na sociedade, son as principais afectadas, e que, ademais, sobre elas recae o sustento das persoas máis débiles: a infancia, as persoas dependentes ou as máis anciás.

En todos os lugares do mundo, as mulleres están organizándose nas súas comunidades para atopar solucións á desertización, á educación, á saúde, ao desenvolvemento económico ou á atención da infancia. A participación das mulleres como axentes de desenvolvemento é unha prioridade para os organismos de Nacións Unidas.

A participación das mulleres como axentes de desenvolvemento é unha prioridade para os organismos de Nacións Unidas”



Os datos explícanos que a discriminación cara ás mulleres é un feito mundial. En ningún lugar do mundo, incluíndo os países democráticos, as mulleres gozan dunha igualdade completa. Vexamos as cifras a nivel mundial:

- ✎ Dos 1.200 millóns de persoas que sobreviven en condicións de extrema pobreza, con menos dun dólar ao día, polo menos o 70% son mulleres. Os dous factores de discriminación que explican na actualidade a exclusión da metade da poboación do planeta son o xénero e os ingresos.
- ✎ As mulleres gañan entre un 30% e un 50% menos que os homes.
- ✎ As mulleres traballan máis horas, cargan máis peso, camiñan máis quilómetros, realizan os traballos máis rudimentarios e, nesas condicións, producen o 80% dos alimentos que consome a súa familia en numerosos países en desenvolvemento.
- ✎ As mulleres posúen menos do 1% da propiedade da terra e teñen limitacións para exercer o dereito á titularidade e para acceder a créditos ou outros bens produtivos.
- ✎ As mulleres teñen responsabilidades domésticas, familiares e comunais que deben compartir

co traballo remunerado, sobre todo no sector informal e na agricultura.

- ✎ O analfabetismo, a deserción escolar e a baixa escolarización é máis alta nas nenas; isto significa que terán peores oportunidades de emprego e salarios.
- ✎ As mulleres teñen necesidades específicas de saúde. Con todo, razóns económicas, sociais, culturais e de subordinación limitan o seu acceso á atención e os servizos².
- ✎ Os estudos suxiren que a violencia doméstica está xeneralizada na maioría das sociedades e é unha causa frecuente do suicidio de mulleres.
- ✎ Cada ano dous millóns de nenas entre os 5 e 15 anos de idade son incorporadas ao chamado “mercado comercial do sexo” a través da prostitución e a pornografía.
- ✎ Estímase que, en todo o mundo, catro millóns de nenas son compradas e vendidas con destino ao matrimonio, a escravitude ou a prostitución.
- ✎ Polo menos 130 millóns de mulleres foron obrigadas a someterse a mutilación (ou corte) xenital; cada ano, outros dous millóns corren perigo de ser obxecto desta práctica.

Estímase que, en todo o mundo, catro millóns de nenas son compradas e vendidas con destino ao matrimonio, a escravitude ou a prostitución ”

2. Datos de M. Igrexa Caruncho e M. Castelo (2003): *Acabar coa pobreza. Un reto para a Cooperación Internacional*. IEPADE. Cándida Gago: *Atlas das mulleres no desenvolvemento do mundo*. IEPALA, Instituto da Muller.

Preguntaraste que podes facer ante estas dramáticas cifras. Como cidadá, como cidadán do mundo, o que ocorre en calquera sitio do planeta nos concierne. Toma conciencia da situación e comprende que os dereitos das mulleres son dereitos humanos que non poden ser cuestionados por prácticas, tradicións ou costumes culturais ou relixiosas que atentan contra a dignidade da metade da humanidade; este é o primeiro paso para revelarse ante as inxustizas. O segundo paso é actuar na túa contorna traballando por construír un lugar onde ningunha persoa sexa discriminada polo seu sexo, a orixe étnica, a raza, relixión, a orientación sexual, as distintas capacidades ou o lugar onde naceu.

Comprométete coa igualdade porque é o camiño para un mundo máis xusto, sostible, solidario e en paz.

E recorda frases xeniais nas que apoiarte, como a de Concepción Arenal: “Todas as cousas son imposibles mentres o parecen”.



Educando en Igualdade

Un programa realizado por FETE UGT en colaboración co Instituto da Muller y o Ministerio de Igualdade

Por que unha campaña para educar en igualdade?

Os centros escolares, son sen dúbida, un dos espazos privilexiados para aprender a relacionarnos en igualdade. Cada día, durante varias horas, compartimos novas experiencias que nos levan a coñecernos un pouco mellor, a relacionarnos dende o recoñecemento mutuo, ou a comunicarnos dende a complicidade e a aprender cuales son os dereitos que temos como mulleres e como homes. Nesta campaña, a través das guías, os talleres e dende a páxina web www.educandoenigualdad.com, queremos axudarvos a reflexionar e investigar que significa compartir a vida en igualdade.

Onde podo ampliar os contidos da guía?

Na páxina web www.educandoenigualdad.com, onde encontrarás bibliografía comentada de cada un dos temas. Tamén encontrarás outros apartados interesantes como actividades didácticas para traballar a igualdade na aula, videos, dicionario coeducativos, unha guía de linguaxe non sexista, e recursos *online*.

En que consiste a campaña Educando en Igualdade?

Para a campaña editamos cinco guías nos diferentes idiomas oficiais que se distribuirán de forma gratuíta. Ademais imos realizar talleres de formación para alumnos e alumnas das etapas de primaria e secundaria, nos centros. Para os profesores e as profesoras realizaremos cursos de coeducación. Podedes seguir a campaña a través da páxina web www.educandoenigualdad.com

E se necesito resolver dúbidas ou solicitar información?

Contades cunha asesoría sobre igualdade e educación na páxina web www.educandoenigualdad.com, onde responderemos a todas as vosas preguntas e peticións. Podes consultarnos sobre os materiais da campaña no correo electrónico info@educandoenigualdad.com